



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Fontes de información en humanidades

Materia	Historia: Fontes de información en humanidades			
Código	002G251V01302			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia Fontes de Información en Humanidades permite ao alumnado identificar e coñecer a natureza, función e tipoloxía das principais fontes de información no ámbito das humanidades. Permite tamén coñecer e utilizar os principais instrumentos e recursos de recompilación de información existentes, co fin de elaborar repertorios de fontes de información en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Por último, capacita aos estudantes para utilizar con destreza distintos estilos de citas e referencias bibliográficas.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica
C7	Uso correcto da información xeográfica como instrumento de interpretación dos sistemas territoriais
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
C30	Coñecemento das principais fontes literarias e documentais da Historia da arte
C32	Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte
C34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte
D1	Capacidade de análise e síntese
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D6	Resolución de problemas e toma de decisións.
D7	Capacidade de razoamento crítico
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos recursos de recompilación e busca de información xerais.	A3	B6	C18	D5
	A5			

Dominio dos instrumentos de recompilación de información en humanidades.	A3 A5	B6	C7 C18 C23	D1 D5 D11
Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	A4	B6	C23 C34	D5
Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información.	A4 A5		C6 C23 C30 C32	D1 D6 D7

Contidos

Tema	
1.- Fontes de Información xeral	1.1.- Conceptos e vocabulario básico sobre fontes de información. 1.2.- Fontes de información xeral (formatos e soportes). 1.3.- Transferencia e normalización da información. 1.4.- Fontes de información especializada.
2.- Recuperación de información en humanidades.	2.1.- Necesidades de información e tipoloxía das fontes primarias e secundarias en Historia, Historia da Arte e Xeografía. 2.2- Recursos para identificar e localizar información en humanidades.
3.- Sistemas de citas e referencias bibliográficas.	3.1.- Normas e estilos de citas e referencias bibliográficas. 3.2.- Xestores bibliográficos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	10	22
Eventos docentes y/o divulgativos	2	0	2
Obradoiro	10	20	30
Titoría en grupo	2	0	2
Traballo tutelado	15	30	45
Probas de resposta curta	2	10	12
Traballos e proxectos	1	15	16
Probas de autoavaliación	5	0	5
Informe de prácticas	0	15	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións de aula encamiñadas a tomar contacto co alumnado, presentar a materia e coñecer as súas competencias, motivacións e intereses.
Lección maxistral	Exposicións introdutorias nas que se familiarizará o alumnado coas principais fontes de información, a súa valoración crítica, os recursos de recompilación existentes e a utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.
Eventos docentes y/o divulgativos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Obradoiro	Prácticas na aula de informática nas que se utilizarán os recursos electrónicos de selección de información e os estilos e xestores de referencias bibliográficas para elaborar o deseño dun itinerario cultural por Ourense.
Titoría en grupo	Nas titorías en grupo resolveranse dúbidas sobre os contidos da materia e a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e tarefas.
Traballo tutelado	Actividades en grupo nas que se tutelará a realización dun proxecto consistente no deseño dun itinerario cultural por Ourense.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Orientación e guía realizada durante a búsqueda de fontes de información a través de recursos electrónicos e a elaboración da memoria e bibliografía dos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Alumnado presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Alumnado non presencial: aula e-meeting (enlace en FaiTic).

Titoría en grupo A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e a revisión das probas de avaliación. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Alumnado presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Alumnado non presencial: aula e-meeting (enlace en FaiTic).

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Probas de resposta curta	O alumnado examínase dos seus coñecementos sobre os contidos teóricos da materia. Para superar a materia será necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos recursos de recompilación e búsqueda de información xerais e destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	30	A4 A5	C18 C23	D5	
Traballos e proxectos	O alumnado elaborará e presentará un traballo no que se recollerán e valorarán todas as fontes de información necesarias para elaborar a guía dun itinerario cultural centrado nun mosteiro da provincia de Ourense. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información e destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	40	A4 A5	B6 C6 C23 C30 C32 C34	D1 D5 D6 D7	
Probas de autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades.	10	A3 A5	B6 C18 C23	D1 D5	D11
Informe de prácticas	O alumnado elaborará e entregará a través de Moodle informes pormenorizados do proceso de búsqueda e selección das fontes de información integradas no traballo de curso. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades.	20	A3 A5	B6 C7 C18 C23	D1 D5	D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 40% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 60% desta.

Os estudantes que realicen os exames finais deberán entregar, o día do exame oficial, un traballo consistente no deseño dun itinerario cultural por Ourense que incluírá unha descrición da ruta seleccionada (ámbito xeográfico, duración, elementos patrimoniais que inclúe, etc.) e unha memoria na que se recollerán e valorarán as fontes de información necesarias para elaborar unha guía do itinerario.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALÍA MIRANDA, F., **Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas**, Trea, 1998

BROCOS, J. M.; ORTIZ, C., **⌈Métodos de búsqueda en fuentes de información en ciencias sociales y humanidades⌋**, Universitat de Barcelona, 2006

CARRIZO SAINERO, G., **La información en ciencias sociales**, Trea, 2000

ROMANOS DE TIRATELI, S., **Guía de fuentes de información especializadas: humanidades y ciencias sociales**, GREBYD, 2000

AGUILERA ARILLA, M^a J. et al., **Fuentes, tratamiento y representación de la información geográfica**, UNED, 2003

Fuentes y documentos para la historia del arte, Gustavo Gili, 1982-1983

Bibliografía Complementaria

CARRIZO SAINERO, G. et al., **Manual de fuentes de información**, Confederación Española de Gremios y Asociaciones d, 2000

CORDÓN GARCÍA, J. A. et al., **Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica**, Pirámide, 1999

LÓPEZ YEPES, J. (coord.), **Manual de ciencias de la documentación**, Pirámide, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.